

Dictame

2/99

D

sobre o anteproxecto de lei
de medidas fiscais,
orzamentarias,
de función pública
e actuación administrativa



Edita: Consello Económico e Social de Galicia

1.- ANTECEDENTES

1.- Con data 5 de outubro de 1999, tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia oficio do Presidente da Xunta de Galicia, sometendo a consideración deste organismo o borrador do Anteproxecto de Lei de medidas fiscais, orzamentarias, de función pública e actuación administrativa, para que polo Consello se emitira dictame de natureza preceptiva que defina a posición dos axentes sociais e económicos representados no Consello no intento de enriquece-lo texto normativo.

2.- O texto do borrador foi remitido, en data 7 de outubro de 1999, ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº 1, economía, emprego e desenvolvemento territorial, competente para emitilo dictame por razón de materia. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno, deuse conta á Comisión Permanente da entrada do texto do borrador do anteproxecto.

3.- O día 7 de outubro de 1999 o Presidente convoca á Comisión sectorial nº 1 para o luns 18 de outubro, co fin de inicia-los traballos de reflexión sobre a proposta de dictame.

4.- En data 14 de outubro de 1999 a Consellería de Economía e facenda fai chegar ó CES unhas correccións de erros do anteproxecto, así como unha nova Disposición Adicional que se engade ó mesmo.

5.- En data 15 de outubro de 1999 celébrase o Pleno 8/99 que acorda delegar na Comisión Permanente do organismo a aprobación do dictame sobre o Anteproxecto de Lei de medidas fiscais, orzamentarias, de función pública e actuación administrativa.

6.- Tralo estudio do texto remitido pola Presidencia da Xunta de Galicia, a Comisión Sectorial nº 1, na súa sesión 14/99, de data 20 de outubro de 1999, aprobou a proposta de Dictame e remitiuna ó Presidente do Consello para a súa tramitación.

7.- En data 19 de outubro o Presidente do Consello convoca á Comisión Permanente do mesmo, a que reunida en sesión nº 11/99, en data 20 de outubro de 1999, e tras coñece-lo texto remitido pola Comisión sectorial acorda aprobar por maioría, co voto en contra dos representantes da Confederación de Empresarios de Galicia, o presente Dictame.

DICTAME

Sobre o Anteproxecto de lei de medidas fiscais, orzamentarias, de función pública e actuación administrativa.

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

O Anteproxecto obxecto de Dictame estrutúrase en tres títulos, compostos por un total de catorce artigos, oito Disposicións Adicionais e tres Disposicións Derradeiras, todo iso precedido dunha Exposición de Motivos.

O Título I, relativo a Normas tributarias, está composto por dous Capítulos. O Capítulo I refírese ós impostos directos, en concreto ó imposto sobre a renda das persoas físicas, e o Capítulo II recolle a modificación do artigo 3, punto Un, nº 1 c) da lei 2/1998, de 8 de abril, en relación á taxa sobre tómbolas.

O Título II, relativo ás normas de réxime orzamentario, está composto por seis artigos, nos que se recolle a modificación da lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia, en relación ós intereses de demora, dereitos e obrigas recoñecidos, gastos plurianuais, axudas e subvencións, incluíndo a regulación dun réxime de infraccións e sancións en materia de axudas e subvencións, así como un artigo en relación á fiscalización dos contratos menores.

O Título III, relativo ás normas en materia de función pública, está composto por seis artigos, nos que se recolle a modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, de función pública de Galicia, en relación ó acceso á condición de funcionario e persoal laboral fixo, xubilación forzosa, servizo activo, servizos especiais, excedencia voluntaria e corpo auxiliar da Xunta de Galicia.

As Disposicións Adicionais refírense a cuestión de persoal en relación ó Servizo Galego de Saúde, a declarar de vixencia permanente o artigo 23 da lei 11/1992, do 7 de outubro, na redacción dada pola Lei 7/1998, do 30 de decembro, ós profesores de corpos docentes, a modificación dos artigos 179.2 d) e 184.4 d) da lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración local de Galicia, a realiza-la declaración de utilidade pública de determinados aproveitamentos hidráulicos, a regula-lo alleamento de solo polo Instituto galego de Vivenda e Solo e, por último, é en relación o Hospital Clínico Universitario de Galeras, a deixar sen efecto a adscrición demanial á Administración sanitaria.

3.- OBSERVACIÓN XERAL

A especificidade da tramitación parlamentaria do anteproxecto de lei sometido a dictame do CES obriga a este organismo a elaboralo nun prazo inferior ó establecido na normativa de creación do Consello, polo que o dictame non pode ter un alcance máis específico e ten que centrarse naquelas consideracións ó articulado máis salientables.

4.- OBSERVACIÓNS Ó ARTICULADO

En relación ó texto do anteproxecto de lei de medidas fiscais, orzamentarias, de función pública e actuación administrativa, o Consello Económico e Social de Galicia entende que deberían terse en conta as seguintes observacións:

Artigo 1º.- Imposto sobre a renda das persoas físicas:

Dentro dunha política de apoio á natalidade, o artigo 1º establece diversas deducións da cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas que poderán facerse efectivas por nacemento de fillos ou adopción e nos supostos de titularidade de familias numerosas. O CES considera que os mecanismos fiscais de apoio á natalidade exclúen ós colectivos máis desfavorecidos que, por un baixo nivel de renda, non terían posibilidade de acceder a ditas deducións, polo que daría lugar a unha falta de equidade no obxectivo a acadar, que é o apoio a natalidade por nacemento, adopción e nos supostos de familia numerosa. En consecuencia, o CES considera que se debería substituír o mecanismo de medidas fiscais de apoio ó fomento da natalidade por outros mecanismos alternativos de prestacións sociais directas, en proporción a renda dos beneficiarios e con un límite de renda máximo xenérico.

Título III.- Normas en materia de función pública.

No Título III do anteproxecto, e dentro do ámbito de función pública, recóllense diversas modificacións da súa lei reguladora, necesarias para adaptala ás normas estatais de carácter básico aprobadas posteriormente ou para superar deficiencias tecnico-xurídicas sobrevidas respecto á redacción orixinal. O CES

considera que, como a adaptación desta normativa debe vir precedida, en cada caso, de negociación polos órganos de representación dos colectivos afectados para garanti-la transparencia e participación, na Exposición de Motivos do anteproxecto debería quedar claramente expresado que dita participación se levou a cabo.

En todo caso, o CES considera que a utilización deste anteproxecto de lei, polas especiais características da súa elaboración, non resulta un cauce axeitado para unha eficaz negociación previa dos temas abordados.

Disposición Adicional Sexta: Declaración de utilidade pública

O CES considera que, aínda que o trámite formal de declaración de utilidade pública podería estimarse correcto, dada a especial sensibilidade e incidencia que ten na realidade económico-social da Comunidade Autónoma de Galicia as obras de aproveitamento hidráulico e hidroeléctrico, o anteproxecto de lei debería acompañarse dos antecedentes e facer referencia explícita a tódolos impactos de ditas actuacións, de acordo coas previsións do Plan Hidrolóxico, e tendo en conta as previsións da Lei 50/97, de 27 de decembro, de regulación do sector eléctrico.

Tendo en conta o anterior, o CES, para poder pronunciarse sobre o fondo da declaración de utilidade pública, necesita dispoñer da documentación axeitada.

Disposición Adicional Terceira: Profesores de corpos docentes

Dado que actualmente se está aplicando peculiarmente un réxime de licencias para realizar estudos, durante o curso escolar, ós profesores dos corpos docentes, nas que poden percibir ata o total das súas retribucións tanto básicas como complementarias, nos termos, prazos e condicións determinados pola Consellería, o CES considera que a utilización deste anteproxecto de lei, polas especiais características da súa elaboración, non é un cauce axeitado para unha eficaz negociación previa do tema abordado.

Disposición Adicional Oitava: Hospital Clínico Universitario de Galeras

O CES considera que, sen cuestionar o trámite patrimonial de deixar sen

efecto a adscrición demanial á administración sanitaria da parte do inmovible ocupado polo Hospital Clínico Universitario de Galeras (Santiago de Compostela), dada a imprecisión do termo “parte do inmovible”, non pode pronunciarse xa que necesitaría dispoñer da documentación axeitada.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 1999

VOTO PARTICULAR

Voto particular que formula a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) sobre o Dictame do Consello Económico e Social de Galicia sobre o anteproxecto de lei de medidas fiscais, orzamentarias, de función pública e actuación administrativa.

A CEG considera que o texto do dictame respecto ó artigo 1.- Imposto sobre a renda das persoas físicas, supón unha proposta de desaparición das desgravacións fiscais de apoio á natalidade. Considérase que as medidas fiscais de apoio á natalidade deben manterse e complementarse, no seu caso, con outros mecanismos alternativos.

Nesto senso, o texto que considera a CEG que debería figurar no dictame sería o seguinte:

“Artigo 1º.- Imposto sobre a renda das persoas físicas:

Dentro dunha política de apoio á natalidade, o artigo 1º establece diversas deducións da cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas que poderán facerse efectivas por nacemento de fillos ou adopción e nos supostos de titularidade de familias numerosas. O CES considera que os mecanismos fiscais de apoio á natalidade exclúen ós colectivos máis desfavorecidos que, por un baixo nivel de renda, non terían posibilidade de acceder a ditas deducións, polo que daría lugar a unha falta de equidade no obxectivo a acadar, que é o apoio a natalidade por nacemento, adopción e nos supostos de familia nume-

*rosa. En consecuencia, o CES considera que se debería **complementar o mecanismo de medidas fiscais de apoio ó fomento da natalidade con outros mecanismos alternativos***”.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 1999

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 1999

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Diez de Ulzurrun